



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

Título orixinal: LE PETIT NICOLAS ET LES COPAINS

O Nicolasiño, os personaxes, as aventuras e os elementos característicos do universo do Nicolasiño son unha creación de René Goscinny e Jean-Jacques Sempé. Os dereitos de depósito e de explotación de marcas ligadas ao universo do Nicolasiño quedan reservados a IMAV éditions. Le Petit Nicolas® é unha marca rexistrada verbal e figurativa. Todos os dereitos de reprodución ou de imitación da marca e calquera dos seus logos están prohibidos e reservados.

2013, IMAV éditions /Goscinny - Sempé

Première édition en France: 1963

© Da tradución: 2018, Antón Palacio

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil e Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.  
Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-11-2

Depósito legal: M-5945-2018

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: maio de 2018

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:


Xoán L. Bendaña, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega  
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# Os amigos do Nicolasiño

Goscinny-Sempé

oqueleg



Clotario  
usa lentes!

Que fermosas  
lentes!

Clotario  
ten lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
ten lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
ten lentes!

Clotario  
usa lentes!

Clotario  
usa lentes!

## Clotario ten lentes!



Cando Clotario chegou ao colexio esta mañá, quedamos todos pampos e abraiados, porque tiña postas unhas lentes na cara. Clotario é un bo amigo, que é o último da clase, e seica foi por iso polo que lle puxeron as lentes.

—Foi o médico —explicounos Clotario—, que lles dixo a meus pais que, se eu era o último, se cadra era porque non vía ben na clase. Entón, leváronme á tenda das lentes e o señor das lentes miroume os ollos cunha máquina que non mancaba nadiña. Fíxome ler unha chea de letras que non querían dicir nada e despois deume unhas lentes. Conque agora, bing!, xa non serei o último.



8 A min a lería esa das lentes estrañoume un chisco, a verdade, porque se Clotario non ve na clase é porque queda durmido a miúdo, pero pode ser que agora as lentes non o deixen durmir. E ademais é certo que o primeiro da clase é Agnan, que é o único que ten lentes, e xustamente por iso non podemos zoscarlle tan a miúdo como nos gustaría.

Agnan non estaba nada contento de ver que Clotario tiña lentes. Agnan é o chichí da mestra e sempre ten medo de que outro compañeiro sexa o primeiro en vez del, así que estabamos ben contentos de pensar que, agora, o primeiro ía ser Clotario, que é un compañeiro xenial.

—Viches as miñas lentes? —preguntoulle Clotario a Agnan—. Agora vou ser o primeiro

en todo e será a min a quen a mestra mandará a buscar os mapas e vou ser eu quen borre o encerado. Amólate, rabia!

—Non, señor! Non, señor! —dixo Agnan—. O primeiro son eu! E, ademais, non tes ningún dereito a vir ao colexio con lentes!

—Por suposto que teño dereito. Vaia home! Seica te estás moqueando? —dixo Clotario—. Pois, para que o saibas, xa non vas ser ti o único chichí da clase! Amólate, rabia!

9



—E eu —dixo Rufo— voulle pedir a meu pai que me compre unhas lentes e tamén vou ser o primeiro!

—Imos todos pedirilles aos nosos pais que nos merquen lentes! —gritou Godofredo—. Así todos seremos os primeiros e todos sere-  
mos chichís!

10 Entón foi tremendo, porque Agnan se puxo a berregar e a chorar. Dixo que iso era trampa, que non tiñamos dereito ningún a ser primeiros, que pensaba queixarse, que ningún o quería, que era moi desgraciado e que se ía matar, e o Caldo chegou dándolle sebo ás canelas. O Caldo é o noso vixilante e algún día heivos contar por que lle chamamos así.

—Que é o que pasa aquí? —gritou o Caldo—. Agnan! Que lle ocorre, que chora vostede dese xeito? Míreme ben aos ollos e contésteme!

—Todos queren poñer lentes! —díxolle Agnan entre un montón de saloucos.



O Caldo mirou a Agnan, mirounos a nós, refregou a boca coa man e despois díxonos:

—Mírenme todos ben aos ollos! Non vou tratar de comprender as súas historias. Todo o que podo dicirlles é que, se volvo oílos, vou tomar medidas severas! Agnan, vaia beber un vaso de auga sen respirar. Os demais, a bo entendedor... xa saben vostedes. Adeus, moi boas.

11

E marchou con Agnan, que seguía cos saloucos.

—Oes —pregunteille a Clotario—, hasnos emprestar as túas lentes cando nos pregunten?

—Iso, e para facer os exercicios! —dixo Maxencio.

—Para os exercicios vanme cumprir a min —dixo Clotario— porque, se non son o primeiro, meu pai vai saber que non tiña as lentes postas e vai haber festa porque non lle gusta que empreste as miñas cousas. Pero xa nos amañaremos cando vos pregunten.

A verdade é que Clotario é un compañeiro xenial. Pedinlle que me emprestase as súas lentes para probar e, a verdade, non sei eu moi



ben como se vai amañar Clotario para ser o primeiro, porque coas súas lentes vese todo ao revés e, cando lle miras os pés, parece que os ten moi cerca da cara.

12

Despois paseille as lentes a Godofredo, que llas emprestou a Rufo, que llas puxo a Xoaquín, que llas deu a Maxencio, que llas tirou a Eudes, que nos fixo rir un montón facendo coma quen que era vesgo, e despois Alcestes intentou collelas e entón foi cando se armou a festa.

—Ti non —dixo Clotario—, que tes as mans cheas de manteiga por culpa das túas torradas e vasme ensuciar as lentes, e non paga a pena ter unhas lentes se non se pode ver con elas, e ademais limpalas dá moito traballo, e o meu pai hame castigar sen televisión se volvo ser outra vez o último porque un imbécil me manchou as lentes coas súas grandes mans cheas de manteiga!

E Clotario volveu poñer as lentes, pero Alcestes non quedou contento.

—Ti queres que che plante na cara as miñas mans grandes cheas de manteiga? —preguntoulle a Clotario.

—Non podes zouparme —dixo Clotario—. Teño lentes. Amólate, rabia!

—Pois entón —dixo Alcestes—, quita as lentes!

—Érache boa! —dixo Clotario.

—Bah! —dixo Alcestes—. Os primeiros da clase sodes todos iguais! Uns covardes!

—Un covarde, eu? —berrou Clotario.

—Si, señor, porque tes lentes! —berrou Alcestes.

—Pois agora imos ver quen é o covarde! —berrou Clotario, quitando as lentes.

Estaban os dous do máis furiosos, pero non puideron pegarse porque o Caldo chegou correndo.

—E agora, que pasa? —preguntou.

—Que non quere que eu teña lentes! —berrou Alcestes.

—E el quere enzoufarme as miñas con manteiga! —gritou Clotario.

O Caldo puxo as mans na cara e estirou as meixelas, e cando fai iso é que a cousa non está para bromas.

—Vostedes dous, mírenme ben aos ollos! —dixo o Caldo—. Non sei o que tramaron esta vez, pero non quero volver oír falar de lentes! E para mañá vanme conxugar o verbo «Non debo dicir cousas absurdas durante o recreo nin se-  
14 mentar a desorde de forma que o Señor Vixilante se vexa obrigado a intervir». En todos os tempos do indicativo!

E foi tocar a campá para volver á clase.

Na fila, Clotario dixo que estaba disposto a lle emprestar as lentes a Alcestes cando Alcestes tivese as mans secas. A verdade é que Clotario é un compañeiro xenial.

Na clase —tocaba Xeografía—, Clotario fixo que lle pasasen as lentes a Alcestes, que xa secara ben as mans na chaqueta. Alcestes puxo as lentes, pero non tivo sorte ningunha, a verdade, porque non viu que a mestra estaba xusto diante del.

—Deixe de facer o pallaso, Alcestes! —gritou a mestra—. E non poña os ollos vesgos, que se vén unha corrente de aire ha quedar así! De momento, fóra da clase!

E Alcestes saíu coas lentes e estivo para dar un golpe coa porta. Despois, a mestra chamou a Clotario ao encerado.

E claro, sen as lentes non lle foi ben. Puxéronlle un cero.

15

